



(+34) 981 56 97 40

info@comisiondatransparencia.gal

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 26/11/2020 13:32:33
SAIDA 14863/20



Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 104/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 2 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 2 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a non recibiu resposta á súa solicitude desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Ferrol, referente ao proceso selectivo do Concello de Ferrol, convocado polo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 62 (1/4/2019), para a selección dun/ha funcionario/a interino, grupo A, subgrupo A1, Escala de Administración Especial, subescala Técnica Superior, denominación Técnico/a de Cultura.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Concello de Ferrol para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.



Terceiro. Con data do 6 de novembro de 2020, o Concello de Ferrol contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o Concello convocou unha praza de Técnico de Cultura e entre decembro de 2019 e febreiro de 2020 procedeuse por parte do Tribunal á selección do funcionario interino, finalizando o proceso o 19 de febreiro do ano 2020. Contra a resolución do Tribunal e nomeamento do funcionario non se presentou ningún recurso administrativo nin xurisdiccional, polo tanto, o acto administrativo de nomeamento deveu firme, o expediente foi enviado ao arquivo correspondente e o Tribunal xa está disolto.

Informa o Concello que o solicitante non se presentou ao exercicio nin estaba matriculado, polo que non ten a condición de interesado. o Concello fai constar que no escrito presentado non fai ningunha referencia á lei de transparencia polo que este concello está tramitando a súa petición en base ás normas do procedemento administrativo común.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.



Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado non se lle remitiu resolución dentro do prazo dun mes dende a súa solicitude, tal e como establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a cuestionarios, plantillas de respostas correctas, enunciados e documento do tribunal cos contidos mínimos para puntuar o segundo exercicio dun proceso selectivo convocado polo Concello. A súa solicitude, segundo remite o interesado, formúlaa nun modelo de solicitude de acceso á información pública do propio Concello, polo que non cabe dúbida de que esta presentando unha solicitude ao amparo da normativa en materia de Transparencia.

O concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, polo que é suficiente con acreditar a identidade do solicitante (artigo 17.2), non existe obriga de motivar a solicitude (artigo 17.3) e se o interesado o fai, a motivación poderá ser tida en conta cando se dite a resolución, sen que a ausencia de motivación, por si soa poida ser causa de rexeitamento da solicitude.

En todo caso, a Lei 1/2016, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O dito artigo reforza o dereito da cidadanía ao establecer que no exercicio do dereito ao acceso á información pública, garantiráselle ao interesado a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o seu lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito dun interese concreto ou específico do solicitante, nin está condicionada á acreditación da súa condición de interesado, debendo calquera solicitude cuxa materia non estea excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, ser resolta non senso de conceder o acceso á información, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos seus gobernantes, das súas Administracións e de calquera entidade que manexe fondos públicos, calquera información pública que xulgue oportuna.

De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, información pública é calquera contido ou documento elaborado, neste caso por un tribunal que forma parte da Administración, para o exercicio das súas funcións.

Os tribunais de selección de empregados públicos, son órganos administrativos de carácter técnico ao servizo da Administración, polo que a información que se atope no seu poder, en concreto os enunciados e as plantillas solicitadas, é información pública de acordo co disposto no citado artigo. O carácter técnico destes órganos non debilita a súa natureza administrativa, nin os exclúe de formar parte da Administración pública. A referencia legal ao seu funcionamento segundo criterios de discrecionalidade técnica, reforza a necesidade de someter a súa actividade e as súas decisións ao escrutinio público, pois para o necesario control desta discrecionalidade e para acreditar o seu exercicio obxectivo e ponderado, resultan singularmente esixibles a existencia e o acceso á información que manexan estes órganos para a toma das súas decisións.

Os documentos de traballo interno, como poderían cualificarse as plantillas de corrección dos exames ou os contidos mínimos que deben incluír a resolución dun suposto práctico, non cabe dúbida de que son documentos que teñen relevancia ou interese público, por canto xogan un papel crucial para garantir a obxectividade do tribunal, e da súa aplicación vai depender algo de tanta relevancia para o interese público como é a selección das persoas candidatas a un emprego público.

O tribunal de selección como órgano administrativo de carácter técnico está sometido no seu funcionamento á normativa dos órganos colexiados, debendo garantirse a súa independencia e discrecionalidade técnica, calidades que implican a súa capacidade de tomar decisións libres de mandatos xerárquicos, baseadas nos seus coñecementos e competencias técnicas, que

deben aplicar segundo criterios discretionais, e son precisamente estes elementos os que reforzan a necesidade de someter a súa actividade e as súas decisións ao escrutinio público, pois para o necesario control desta discretionalidade e para acreditar o seu exercicio obxectivo e ponderado, é imprescindible a existencia e o acceso á información que usan estes órganos para tomar as súas decisións, e máis se serve para obxectivalas. O acceso a este tipo de información é obrigado en coherencia cos principios de publicidade, transparencia e obxectividade, entre outros, que establece a lexislación vixente para rexer os procesos de selección para o emprego público.

O carácter interno da información solicitada unicamente xustifica a súa denegación no caso de que a mesma non teña relevancia ou interese público cousa que non sucede neste caso, por canto a información solicitada ten importancia crucial para garantir a obxectividade do tribunal, xa que da súa aplicación vai depender a selección das persoas candidatas ao emprego público, de indubidable interese público.

Por tanto, procede a estimación da reclamación presentada, debendo o Concello proporcionar a información solicitada ao interesado, na medida que esta documentación exista efectivamente. No caso de que parte desta documentación non exista, como pode ser o documento do tribunal cos contidos mínimos dos supostos prácticos, débelle comunicar expresamente ao interesado.

O Concello de Ferrol non resolveu a solicitud de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 2 de outubro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitud de acceso á información ante o Concello de Ferrol, referente ao proceso selectivo do Concello de Ferrol, convocado polo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 62 (1/4/2019), para a selección dun/ha funcionario/a interino, grupo A, subgrupo A1, Escala de Administración Especial, subescala Técnica Superior, denominación Técnico/a de Cultura,

Segundo: Instar ao Concello de Ferrol, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Ferrol, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.11.26 08:41:08 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.